



EXPTE: 4961/440

A/ RESPONSABLE DO CONTRATO

ASUNTO: Contratación da obra Humanización da rúa Pintor José Frau Ruiz, entre as rúas Álvaro Cunqueiro e López Mora (Expte: 4961/440)

Informe sobre as xustificacións presentadas polo licitador COVSA no asunto de referencia, cuxa oferta foi declarada con presunción de “anormal” ou “desproporcionada”, para acreditar se pode ser cumprida.

No procedemento licitatorio aberto para contratar a obra de referencia, a Mesa de Contratación declarou como presuntamente “anormal” ou “desproporcionada” a oferta presentada polo citado licitador.

Como consecuencia de dita declaración e do previsto no prego de condicións administrativas particulares (no sucesivo, PCAP) concedéuse ao referido licitador o preceptivo trámite de audiencia para efectuar alegacións e xustificar a súa oferta. O expediente remitiuse posteriormente a este técnico para informe.

Todo isto de conformidade co previsto no artigo 149 da L.C.S.P. que no que a este informe interesa, establece:

(apart. 4 a 6 do citado precepto)

(...)

Cando a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen e darlles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberase formular con claridade, de maneira que estes estean en condicións de xustificar, plena e oportunamente, a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou dos seus custos e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.





b) *As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,*

c) *A innovación e a orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*

d) *O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, pois non serán xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*

e) *Ou a posible obtención dunha axuda de Estado. No procedemento deberase solicitar o asesoramento técnico do servizo correspondente.*

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluído o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

(...)

6. A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo e, no caso de que se trate da mesa de contratación, elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. En ningún caso se acordará a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación neste sentido estea debidamente motivada.

Se o órgano de contratación, tendo en conta a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no número catro, considera que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme o sinalado no número 1 do artigo 150.

En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

7.

Cando unha empresa que estivese incursa en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da súa execución, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade dos servizos, obras ou subministracións contratados.





En relación coa documentación aportada pola empresa COVSA procede informar o seguinte:

No punto 1 da xustificación "OBJETO" describe os principais capítulos do proxecto cun apartado final de posta en valor da obra, aspectos que non son obxecto da presente xustificación e finalmente no mesmo apartado indican. A proximidade de planta de aglomerado propia á obra e a disposición dunha planta de formigón pertencente ao seu grupo empresarial. Considerando que esta proximidade supón un abaratamento do transporte dos materiais á obra, ademáis de reducir os tempos de espera, xa que aumentan a frecuencia de suministro e carga dos mesmos, mellorando os rendementos. Esta mellora nos rendementos, indican, evita mermas nos Custos Directos. Amplían a información no "ANEXO Nº1. UBICACIÓN DE LAS INSTALACIONES ESPECÍFICAS", no que aporta planos da ubicación das plantas que posúe a empresa.

Neste apartado, inclúen unha mención á experiencia da empresa en obras asfálticas.

Por último, neste apartado indican que reducen os custos de xestión de residuos pola valorización dos materiais de fresado e demolicións, e tamén o tratamento das terras procedentes de excavación para a restauración paisaxística dunha canteira.

Examinados estos aspectos e o grao de xustificación dos mesmos, conclúese que non se detalla, xustifica e cuantifica de forma obxectiva o indicado neste apartado.

No punto 2.1. da xustificación "Materiais" límitase a indicar outra vez a posesión de dispoñibilidade da planta de aglomerado e a de formigón e os beneficios que supón, sen datos de rendementos concretos e xustificadas.

Este apartado non se desenvolve para considerar xustificado o aforro nos materiais para execución das unidades do proxecto obxecto de licitación.

No punto 2.2. da xustificación "Maquinaria", únicamente indican esquemáticamente a tipoloxía de maquinaria e instalacións. E que a mesma se atopa amortizada. Esta información amplíase no "ANEXO Nº2: CARACTERÍSTICAS DE LAS PLANTAS" no que describe as mesmas, os módulos e partes que as compoñen, tamén no "ANEXO Nº3: LISTADO DE MAQUINARIA PROPIEDAD DE CONSTRUCCIONES OBRAS E VIALES, S.A." aporta unha relación da maquinaria propiedade de empresa, marca, modelo, identificación e matriculación.

Neste apartado non tampouco se desenvolven rendementos e datos obxectivos que xustifiquen cómo afecta na mellora para cada unidade de obra do proxecto. En canto á amortización da maquinaria, tampouco se presenta xustificación detallada da amortización citada.





No punto 2.3. da xustificación “Mano de obra” indican conforme a empresa posúe equipos humanos cualificados e con experiencia.

En canto aos equipos humanos, limitase a falar dunha maneira xeral de que contan con tales equipos con coñecemento, sen detallar en ningún momento cales son, cal é a experiencia, etc.

No punto 2.4. “relación entre costes laborales fixos y el volumen de obra contratada” indican o volume de obra contratado nos últimos catro anos, e que este cubre suficientemente o gasto dun 12% de estrutura e persoal.

Así mesmo, no punto 2.5. “otras observaciones”, neste apartado indican poseer uns protocolos ou Instrucións de Traballo que non achegan por tratarse de “Documentación Controlada” da empresa, que indican, está á disposición desta Administración.

Tamén indican que posúen un laboratorio de control dirixido por personal cualificado.

Enumeran tamén os Certificados dos diferentes sistemas implantados na empresa; Xestión Ambiental (ISO 14001), Xestión da Calidade (ISO 9001) e Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo (OSHAS 18001). Aportan copias dos mesmos no “ANEXO Nº4. CERTIFICADOS”, nos que se pode comprobar que se atopan en vigor.

Toda esta documentación indicada non se desenvolve e analiza dunha forma precisa e obxectiva para xustificar a proposta presentada de cara á execución da presente obra.

No punto 3. “Gastos generales y beneficio industrial considerado” indican de novo que os Gastos Xerais que soporta a empresa son o 12% de estrutura e persoal e un 1% de Control de Calidade.

Non aportan datos concretos que xustifiquen a afirmación nin aforros por esta circunstancia.

No punto 4. da xustificación “Conclusiones”, limitase a facer unha consideración xeral de todos os apartados anteriores e indica que o análise económico que fan da obra, lles permite axustarse no 6% de Beneficio Industrial.

No citado apartado non se presenta ningún tipo de xustificación detallada das afirmacións que se fan respecto a beneficios da empresa, situación saneada nin se detallan as unidades e “costes reais” da empresa, indicando prezos ou unidades favorables para manter dito beneficio.

CONCLUSIONES:

Trátase dunha xustificación xeral e de carácter meramente voluntarista. Non se presenta ningún tipo de xustificación detallada.





Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

Daselle traslado ao responsable do contrato para a súa presentación a Mesa de contratación, para que a vista das indicacións recollidas proponga aceptación ou rechazo da presente oferta como consecuencia da inclusión en presunción de anormal ou desproporcionada.

Vigo, á data da sinatura dixital

Asdo: O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños (P.A.
XGL 18/12/2017)

